

Historia da lingua galega: o galego da Idade Media até 1916

Nesta unidade imos facer un percorrido pola historia da lingua galega desde a Idade Media até o ano 1916, ano da fundación das Irmandades da Fala. A historia do galego adoita dividirse en tres grandes períodos:


- O **Galego Antigo** ou galego medieval, do século VIII ao XV.
- O **Galego Medio**, do século XVI ao XVIII.
- O **Galego Moderno** do século XIX até 1916.

Vimos na unidade anterior como se foi formando a lingua galega ao longo dos séculos desde as primeiras poboacións do noroeste da Península Ibérica (linguas preindoeuropeas), no ano 137 chegan os romanos á Península e comeza o proceso de romanización e posteriormente coa chegada dos pobos xermánicos e árabes (linguas de superestrato). A partir do século VIII O latín escrito era xa moi diferente do romance ata o punto que xa se aprendía como unha lingua distinta. O romance falado no noso territorio (o galego-portugués) comezou a escribirse e noutras áreas da Península, usábanse outros romances: leonés, catalán, aragonés ou castelán.

O Galego Antigo

A historia do noso idioma vai ir sempre parella á historia de Galicia, por iso é preciso vermos un contexto histórico, social e cultural.

A Idade Media é o período da historia que se inicia coa caída do Imperio Romano (476) e remata a finais do século XV. Este período divídese en dous: a **Alta Idade Media** (séc. V-X) e a **Baixa Idade Media** (séc. XI-XV).



A partir do século VIII, a estrutura política e administrativa romana vai dar paso ao **feudalismo**, que era o sistema social imperante Durante a IM en Galicia e no resto de Europa. Os nobres (civís e relixiosos) son os donos da terra e os que ostentan o poder político en representación do rei. Os campesinos, que representan a maioría social, traballan para os seus señores. O sistema feudal estaba baseado nun contrato que se establecía entre un señor, que concedía ao vasalo un ben chamado feudo e protección; a cambio, o vasalo, tiña a

obrigación de obediencia e servizo respecto do señor.

As condicións de vida na IM eran moi precarias, crises económicas, pestes... aínda así producíronse grandes avances culturais e artísticos (románico, gótico, universidades...)

En Galicia na Baixa IM atopamos unha economía agrícola e mariñeira e unha estrutura social moi xerarquizada e desigual; a nobreza e o alto clero teñen todo o poder e privilexios e o pobo baixo está escravizado, ademais hai persecucións relixiosas e a igrexa domina toda a cultura.

É nesta sociedade durante os séculos XI e XII cando Galicia vai vivir o período de maior florecemento cultural e económico. É a época do bispo Xelmirez, do descubrimento do suposto sepulcro do Apóstolo de Santiago e do nacemento do Camiño de Santiago. A lingua galega acada o seu máximo esplendor coa lírica medieval e tamén se estende a arte románica.

A economía tamén experimenta un auxe; aumentan as colleitas grazas as melloras técnicas e prodúcese un desenvolvemento urbano, en boa parte vinculado ao Camiño. Nas cidades xorde unha nova clase social, a burguesía, que se ocupa da artesanía, comercio e servizos.

En 1128 Portugal convértese en reino independente e Galicia, despois de períodos de independencia finalmente queda anexada ao reino de León e Castela.



Durante os séculos XIV e XV viviuse un período de crise económica e social: malas colleitas, fames e propagación de pestes que decimaron a poboación e o estancamento demográfico; con todo isto as terras quedan sen traballar e mingua a produtividade. Os señores feudais, eclesiásticos e a nobreza laica, para facer fronte á crise aumentan as rendas, o que provoca grandes conflitos: burgueses e campesinos organízanse nas **revoltas irmandiñas**, motivadas polas inxustizas e os privilexios da nobreza. Neste século Galicia queda incorporada á coroa do Reis Católicos

O mariscal Pardo de Ceta foi decapitado en 1483 por orde do gobernador do reino nomeado polos reis católicos.

Liña do tempo cos principais acontecementos deste período:



Situación sociolingüística:

O galego antigo ou galego-portugués naceu e falábase no territorio da Gallaecia romana e que actualmente correspondería con Galicia, norte de Portugal (ata o río Douro) e unha franxa que inclúe parte de Asturias, León e Zamora.


No século XIII o galego-portugués convértese en lingua da cultura e da administración, ámbitos ata daquela ocupados polo latín. Os textos galego-portugueses máis antigos que son de finais do XI e comezos do XII. Destacamos os seguintes:

- *Doñação á Igrexa de Sozello* (870), atópase no arquivo da Torre do Tombo en Lisboa, é unha mestura de latín tardío con fragmentos en galego-portugués.
- *Pacto dos irmáns Pais* (1173), trátase dun documento notarial.
- *Noiticia de Fiadores* (1175), de Paio Soares Romeu.
- *Ora faz ost' o senhor de Navarra* (1196), é o primeiro texto literario en lingua galega, trátase dunha cantiga satírica do trobador Joam Soares de Pavia.
- *Noticia de Torto* (1211), texto notarial
- *Foro do bo burgo de Castro Caldelas* (1228), outorgado por Afonso IX e é o texto máis antigo atopado en Galicia.

Xa a mediados do XIII o galego era unha lingua plenamente normalizada e acadara todas as funcións: era a lingua única do pobo e da corte; falada en todos os ámbitos e institucións. Tamén as funcións culturais máis elevadas como a literatura desenvolvíanse en galego, como veremos coa lírica trobadoresca.

Durante séculos, galego e portugués constituíron unha unidade lingüística, mais a partir do XIII comezou a diferenciación a ambas marxes do Miño; así, mentres o Portugués se consolida como lingua oficial da corte portuguesa desde a súa proclamación como reino independente no ano 1128 e nos séculos seguintes será levado aos outros continentes durante a expansión colonial (como vimos na unidade anterior), o galego sufrirá a partir do XV un proceso de desprestixio, vulgarización en fragmentación, que o deixará relegado á condición de dialecto ata o rexurdir no XIX.

Nesta gráfica podemos ver como o galego ocupaba todas as funcións, agás a internacional, cara a fin da Idade Media o castelán comeza a ocupar eses espazos.



Características lingüísticas da Galego Antigo

A lingua galega foi modificándose ao longo dos séculos, veremos como era a lingua durante a Idade Media:

FONOLOXÍA:

- Vogais nasais fonolóxicas, orixinadas tras a caída dun –N- intervocálico: *mão, bõo*..
- Hiato provocados pola caída de consoantes intervocálicas: *seer* <SEDERE, *viir* <VENIRE...
- Complexo sistema de sibilantes de 6 elementos con distinción xorda / sonora, no paso para o galego actual vai simplificar e enxordecer, o que provoca confusións gráficas

- /ts/ - /dz/ grafadas **ç** e **z**: *cabeça* / *dizer*
- /s/ - /z/ grafadas **ss** e **s**: *nosso* / *casar*
- /ʃ/ - /ʒ/ grafadas **x** e **g** / **j** / **i**: *leixar* / *igreja* / *gente*

MORFOLOXÍA:

- A palabras rematadas en *-or* son de xénero invariable: *a senhor* / *a pastor*
- Pronome *te* para CD e CI: *dizer-te* = *dicirche*
- Pronomes mesoclíticos (entre a raíz e morfemos do verbo): *dizer-te-ia* = *diríache*
- Desinencias verbais diferentes ás actuais: *fez* = *fixo*, *quisse* = *quixo*
- Tempos compostos con *aver*: *avian mentado*
- Uso do verbo *aver* co significado de “ter”: *non avereí alegría* = *non terei alegría*
- Participio en *-udo* para os verbos da 2C: *coñudo* = *coñecido* / *perduda* = *perdida*

SINTAXE:


- Non articulación do posesivo co artigo: *de seus milagres* = *dos seus milagres*
- Anteposición do pronome átono: *eu vos envieí* = *eu envieivos*

LEXICO:

- Presenza de préstamos do francés: *dama*, *sage* = *sabio*
- Presenza de provenzalismos: *assaz* = *bastante*, *prez* = *aparencia*
- Termos hoxe desaparecidos (arcaísmos): *chus* = *máis*, *cras* = *mañá*, *vegada* = *vez*

ORTOGRAFÍA:

- Vacilacións gráficas: *b/v* (*boso* / *voso*); *u/v* (*auer* / *aver*) *i/y/j*...
- Uso do trazo (-) entre as formas verbais e os pronomes átonos: *disso-me* = *díxome*



Ego Gomenze Pelaiz facio a tibi irmano meo Ramiru Pelaiz isto plazo ut non intret meo maiordomo in illa villa super vestros homines deslo mormuiral. & de inde antre as casas d'Ousenda Grade & d'Elvira Grade. & inde pora pena longa & de ista parte perilla petra cavada de Sueiro Ramiriz dou vobis isto que sejades meo amico bono. & irmano bono & que adjuderis me contra toto homine fora el rei & suos filios. & si Pelagio Soariz. ou Menendo Pelaiz. ou Velasco Pelaiz. ou Petro Martiniz. Daquele que torto fezer a Don Ramiru. ou a Don Gomeze si quiser caber en dereito & se non ajudarmonos contra illos.

O pacto de Gomes Pais e Ramiro Pais foi descuberto recentemente atópase no arquivo da Torre do Tombo

O Galego Medio

No remate da Idade Media o portugués e o castelán acadaron a cosolidación como linugas de estado, mentres que o galego entrou nunha etapa de decadencia que vai durar tres séculos.


Xa no século XIV, Galicia sofre períodos de grande inestabilidade política. Os nobres galegos van apoiar a Pedro I e a Xoana a Beltranexa durante as guerras de sucesión polo trono de Castela, e nos dous casos, ambos aspirantes foron derrotados, o que provocou a marxinación e submisión do Reino. Teremos que agardar até o XVIII para escoitar as primeiras voces en defensa da nosa lingua e cultura.

Situación Sociolingüística:

Tras as guerras sucesorias, a coroa de Castela foi substituíndo a nobreza e o clero galegos por outro vidos de fóra e castelanfalantes, mentres a inmensa maioría da poboación seguía a ser monolingüe en galego, aínda que xa había unha pequena elite económica, política e cultural que se asimila á poder foráneo e asume o castelán como linuga de poder e prestixio. A penetración do castelán comeza nas capas altas da sociedade.

Baixo a autoridade destes nobres, obrígase, por exemplo a redactar todos os documentos notariais en castelán, así como o ensino. Influído por este contexto, o galego vai desaparecer tamén da literatura; a gran revolución que supoxo a imprenta non vai ter ningunha relevancia para a literatura galega, xa que só imos ter unha literatura de carácter popular e oral.

Gráfico que representa a perda de funcións do galego, que vai asumindo o castelán. Será no século XVIII cando os Ilustrados (Padres Feixoo e Sarmiento) comecen a recuperar a identidade cultural e lingüística, desta época son tamén os primeiros traballos rigorosos sobre a lingua.



Características lingüísticas do Galego Medio:

FONOLOXÍA:

- Desaparición das vogais nasais: *man / mao, bon / bo*
- Xeneralización dos ditongos –oi-, –ou-, –ei-: *moito, cousa, leira*
- Aparición da gheada e do seseo: *ghaliña, sapato*
- Enxordecemento e simplificación do sistema de sibilantes que quedan en /s/, /z/, /3/: *casa, facer / cabeza, igrexa*
- Creación do /tʃ/ = “ch”

MORFOSINTAXE:


- Distinción *te / che* para CD e CI: *quérote / quéroche dicir algo*
- Alternancia *llo / llelo*: *dillo / díllelo*
- Xeneralización do MNP –ches para a P2 dos pretéritos de indicativo: *fixeches*
- Xeneralización do MNP –o para a P3 dos pretéritos de indicativo irregulares: *quixo, dixo, fixo...*

LÉXICO:

- Comezan a entrar os castelanismos: *ayer, abuela, iglesia, pueblo...*
- Deturpación de topónimos e patronímicos: *Mellid, Sangenjo, Otero, Lage, Meijide...*

ORTOGRAFÍA:

- Confusión b / v: *haver / cavalo / boso...*
- Diferentes grafías para as consonantes palatais ñ e ll (que non existían en latín): *nn, ni, nh / ll, li, lh*



O entremés famoso sobre a pesca do río Miño, é unha peza teatral de Gabriel Feijoo de Araújo (1671)

Durante estes séculos o galgo vaise fragmentar e non vai consolidar un referente culto, xa que non se escribía en galego. A presión do castelán vai facer que se deturpe a lingua e dan comezo os prexuízos.

ACTIVIDADES:

1. Busca nestes textos medievais características da lingua desa época:

Sabede que Políçena era grande et de moy bon tallo, et avja os cabelos brũus et moy longos, et os ollos uerdes, et as sobrençellas delgadas et enarquadas, et a façe moy branca, et o rostro moy fresco et moy viuo, ca seu rostro era mays fresco que hũa rrosa quando naçe. Et ben semellaua que a ssua boca era de donzela. Et ela auja o colo longo et dereyto quanto lle auja mester, et estáuunlle tan bem panos que nom poderiam mellor. Et ela nom tragía as espádoas curuas, mays aujaas mesuradas et de bon tallo, que nom eram moyto estreytas nem moy anchas. Et ela auja o corpo et os peytos tam brancos que nom poderian seer mays. Et auja os braços longos et as mãos moy fremosas et os dedos longos et ben feytos.

Crónica Troiana

Quando Boorz se partiu da abadía, ua voz lhe disse que fosse ao mar, ca Persival o atendía i. El se partiu ende, así como o conto o ha ja desvisado. E quando chegou aa riba do mar, a fremosa nave coberta de uu eixamete branco aportou e Boorz deceu e encomendouse a Nostro Senhor, e entrou dentro e leixou seu cavalo fóra. E tanto que entrou dentro, viu que a nave se partiu tan toste da riba como se voasse. E catou pela nave e non viu ren, que a noite era muito escura; e acostouse ao boordo e rogou a Nostro Senhor que o guiasse a tal lugar u sua alma podesse salvar. E, pois fez sa oraçon e deitou a dormir. E manhaán, quando espertou, viu na nave un cavaleiro armado de loriga e de brafoneiras.

2. Procura neste vilancico características do galego medio:

Como un oiro é o meniño:

bástalle ser, minha fe, galeguinho.

Como un oiro es la campaña,

bástalhe ser do melhor da montanha.

Como un oiro está brincando,

bástalhe ser galeguinho Fidalgo.

Como un oiro se adormece,

bástalhe ser galeguinho de Orence.

Como un oiro é o menino

bástalhe ser, minha fe, galeguinho.

Frei Francisco de Santiago (1645)

3. Resume o contido deste texto e establece a súa relación co estudado:

É unha desalmada necidade poñerlles aos nenos galegos a xerga da gramática antes de saber con moita extensión a lingua galega e todas as voces da Historia Natural, cando menos das visibles do seu país. Faite cargo de que ao portugués ensínanlle latín en portugués, ao francés en francés, ao italiano en italiano, ao inglés en inglés, ao sueco en sueco, ao castelán só en castelán. Pois, que tiranía é que ao galego se lle ensine unha lingua ignota en lingua castelá, que non entende? Había que queimar todo libro de Gramática que pasase a Galicia e que non estivese explicado en lingua galega.

Frei Martín Sarmiento.